



PROXECTO
EDUCATIVO
24-25

Amor de Dios - Vigo

abrazo
o coidado



Amor de Dios

Fundación Educativa

*"A educación é un acto de amor
que ilumina o camiño
para que recuperemos
o sentido da fraternidade,
para que non ignoremos
aos máis vulnerables"*

(Papa Francisco)

Que a nosa escola sexa un lugar de crecemento e de alegría.

Que a nosa escola sexa un lugar de fe, de esperanza e de amor.

Que xunto ao noso alumnado e ás súas familias sintamos a fortuna de formar parte desta Comunidade educativa e que cada mañá espertemos cun grazas nos nosos beizos e no noso corazón.





Carisma “Amor de Dios”

O edificio da educación debe basearse na persoa partindo do principio educativo de **Jerónimo Usera**

“Educar é a nosa forma de amar”

Por **AMOR**: dende a gratuidade, a xenerosidade, a paciencia, a solicitude, a previsión e a capacidade de perdón...

No **AMOR**: fomentando o diálogo, a comunicación e o respecto cos demais.

Para o **AMOR**: formando persoas comprometidas en construír a fraternidade universale isto implica:

- ◆ Escoita paciente que favoreza o respecto e a convivencia
- ◆ Ambiente de familia
- ◆ Responsabilidade no traballo
- ◆ Relacións interpersoais sas
- ◆ Xestos de tenrura, comprensión, cercanía...
- ◆ Dinámica preventiva
- ◆ Atención aos máis débiles
- ◆ Clima de liberdade
- ◆ Sentido de colaboración e axuda
- ◆ Conciencia do valor trascendente da cotidianeidade
- ◆ Testemuño persoal e comunitario dos educadores
- ◆ Compromiso co coidado do planeta





O noso ser educativo-pastoral

6 o obxectivo de que a nosa escola sexa unha experiencia cristiá básica que eduque para a incorporación dos seus membros á comunidade universal e ao compromiso de vida segundo a mensaxe de Xesús que forma parte da nosa vida escolar e no seu nome está afirmada toda a actividade educativa que realizamos, a acción educativo-pastoral do noso Centro Amor de Dios ofrece, como marco no que se desenvolve o noso quefacer e o noso ser, un proxecto baseado no Amor e na Fe, na cabeza e no corazón. De modo que ofrecemos:

- Unha escola inclusiva que acolla a diversidade como riqueza
- Unha sólida formación que contempla a asimilación sistemática e crítica da cultura
- Comprensión e respecto de todas as culturas e realidades como bases para o entendemento
- Referencias explícitas ao Evanxeo e a Xesús
- Actividades e celebracións abertas
- Unha transmisión vivencial da Fe
- A presenza continua e amiga dos educadores
- Unha convivencia harmónica que nos faga sentirnos ben

“Estudar o carácter e a capacidade de cada neno.

Falarlles ao seu corazón e á súa cabeza”

(Carta do Pai Usera ás Irmás)



Un proxecto de todos

Como membros da Comunidade educativa -pais, alumnos e mestres- deben formar parte do Proxecto Educativo do Centro. De maneira que todos nos sintamos representados nel, xuntos, en harmonía, en colaboración e esforzo levarémolo a bo termo, xa que todos temos un interese común:

A EDUCACIÓN

Os **pais**, como primeiro núcleo educador, son os principais responsables na educación dos seus fillos e deben colaborar no proceso de forma que lles resulte beneficioso.

Os **alumnos** son centro e razón de ser da escola. Son axentes da educación e responsables na mesma.

Os **mestres** poñemos a ilusión de axudar aos nenos a desenvolver as súas capacidades e a medrar como persoas e ofrecemos os cauces adecuados á súa participación segundo os seus niveis de maduración e idade.

O proxecto da nosa Escola conseguirá a máxima converxencia estreitando os lazos de colaboración e participación de todos para obter as condicións óptimas dirixidas á formación integral dos nosos alumnos.

**“A educación é o mellor servizo
que podemos prestar a un pobo”**

(Venerable Pai Usera)





Obxectivo xeral

Espertar e estimular o desenvolvemento integral e harmónico da persoa como axente do seu propio crecemento nas súas dimensións individual, social e cristiá, valorando a riqueza da diversidade e colaborando unidos na construción dun mundo máis humano, solidario e fraterno.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Dimensión individual

- Capacitar e estimular a intelixencia para a asimilación sistemática da cultura, de modo adecuado á idade, facultades e opcións da persoa
- Facilitar ao alumno una sólida adquisición dos coñecementos académicos
- Cultivar o espírito crítico e creativo que permita ao alumno enfrontarse flexivamente coas situacións de cambios sen perder os valores universais
- Facer que a persoa adquira hábitos responsables de traballo e unha sólida adquisición de coñecementos que a capaciten para a vida
- Facilitar o desenvolvemento harmónico das capacidades físicas básicas e a adquisición de hábitos beneficiosos para a saúde
- Fomentar a alegría e a liberdade que fagan a persoa sentirse ben
- Potenciar unha convivencia integradora, respectando as diferenzas
- Educar o alumno para que acade unha convivencia pacífica dende a liberdade e a alegría
- Formar e afianzar actitudes de escoita cara aos demais

“É tan fermoso ir sementando por todas partes dita, felicidade, amabilidade, alegría e benestar!”

(Sor Rocío))



Dimensión social

- Promover o sentido da Xustiza, da Verdade e do Ben
- Favorecer a convivencia harmónica dende a liberdade, a alegría, a escoita e a humildade
- Desenvolver a capacidade de intercomunicación e participación dende a tolerancia e o respecto
- Coñecer e analizar a realidade do mundo para crear unha escola responsable e solidaria que atenda ás necesidades que esixe o mundo actual
- Impulsar experiencias de complementariedade, creación e investigación en equipo, compartindo esforzo e coñecementos
- Facer da escola un espazo de implicación, cercanía e participación das familias

Dimensión cristiá

- Ofrecer dende a propia comunidade escolar unha experiencia cristiá, que invite ao compromiso duradeiro de transformación da sociedade segundo os valores evanxélicos
- Impartir a formación relixiosa con responsabilidade e método adecuado posibilitando o diálogo entre fe e cultura
- Facer da Escola unha experiencia de amor interpersonal como esixencia fundamental da vida cristiá de modo que cada un chegue a aceptación fraterna do outro
- Consolidar as experiencias das dimensións individual e social como respostas da nosa fe
- Ser testemuñas do Amor de Dios no mundo e transmitirlo aos demais
- Descubrir a luz de Deus a través dos acontecementos do día a día para atopármolos con El
- Promover momentos de oración, encontro e vivencia cristiá de todos os que formamos a Comunidade educativa, familias, alumnos e mestres



O noso estilo educativo

“Unha educación baseada no SER, no SABER e no SABER FACER”

O noso Centro educativo AMOR DE DIOS entende o ensino como resposta dunha necesidade básica e pretende unha escola aberta onde:

- y Se potencie o ser antes que o ter.
- y Se ofrezca un diálogo e acollida a todos os que forman a nosa escola.
- y Se valore á persoa respectando a súa individualidade e liberdade.
- y Se fomente a autoestima.
- y Se forme persoas libres, responsables e comprometidas.
- y Se traballe en común para unha vida de PAZ e XUSTIZA.
- y Se valore a VIDA como don, camiño e meta.

Potenciamos a SOLIDARIEDADE e a FRATERNIDADE como medio para acadar os obxectivos propostos, porque desexamos que o **nosso mundo sexa un fogar para todos.**

O coidado da nosa casa común ha de ser unha preocupación de todos

De modo que mestres, pais e alumnos de forma individual e colectiva nos comprometemos a:

- y Educar para respectar ao próximo, sexa cal sexa a súa condición, orixe, raza ou relixión
- y Fomentar o valor dos demais sen excluír a ningún
- y Pronunciármonos a favor da persoa libre, xusta e solidaria como reto da Escola Amor de Dios
- y Concienciarnos do cambio social e emprender unha tarefa construtiva de fraternidade e solidariedade
- y Construír unha escola que mire cara ao futuro e asuma novos tempos, renovándose constantemente con mecanismos positivos e construtivos
- y Realizar esforzos para excluír todo tipo de violencia, establecendo unha comunicación eficaz entre os grupos e favorecendo xestos de tenrura e comprensión
- y Crear unha escola solidaria e comprometida, capaz de ver o positivo doutras culturas xa que todos somos cidadáns do mundo
- y Coidar e protexer o planeta como casa común
- y Contribuír a facer persoas de ben e felices



Metodoloxía

O alumno é o principal axente da súa educación e para acadar o desenvolvemento máximo das súas capacidades baseámonos nunha metodoloxía integradora, activa e participativa que aposta polo plurilingüismo, polas intelixencias múltiples, polas novas tecnoloxías, a experimentación, a manipulación directa e a participación activa e lúdica permitindo o crecemento integral e harmónico dos nenos e das nenas.

Para a consecución dos nosos obxectivos sinalamos as seguintes estratexias metodolóxicas:

- y Ofrecemos atención personalizada mediante unha asistencia directo do educador ao proceso de desenvolvemento integral de cada alumno
- y Respectamos a individualidade e liberdade da persoa, favorecendo a súa autoestima
- y Apostamos pola cultura emprendedora ofrecendo estratexias de pensamento analítico, crítico e creativo
- y Desenvolvemos actuacións que permitan potenciar o mellor dos nosos alumnos, solventar problemas e mesmo anticipármonos a eles
- y Integramos o uso das ferramentas tecnolóxicas coa finalidade de facilitar o proceso de comprensión, aplicación do coñecemento e transmisión de habilidades
- y Estimulamos a creatividade e o xuízo crítico, fomentando o diálogo
- y Potenciamos o estudo como forma de coñecemento
- y Deseñamos un programa de apoio encamiñado a dar resposta ás necesidades do alumnado
- y Propiciamos o traballo en equipo e a colaboración en proxectos comúns, xa que implica unha experiencia de comunidade e de participación no grupo
- y Creamos un ambiente de valoración, respecto, ilusión e escoita cara aos demais
- y Celebramos os acontecementos ordinarios da vida persoal e comunitaria
- y Creamos na educación en valores, onde se desenvolvan destrezas, emocións e actitudes a través de proxectos significativos para o alumnado e cun enfoque interdisciplinar
- y Abrimos a escola a ámbitos sociais máis amplos de xeito que favoreza a convivencia harmónica entre todos



Normas de convivencia colexial

Estas normas son de obrigado cumprimento.

○ Plan de Convivencia do Centro contempla que a finalidade destas normas non debe ser a de coartar ou reprimir o movemento dos nosos alumnos, senón pola contra, a de educar na responsabilidade para respectar a propia liberdade.

PARA CONSEGUIR TODO O QUE NOS PROPOÑEMOS NESTE CURSO, ACEPTAMOS UNHAS NORMAS DE CONVIVENCIA

y A puntualidade é elemental para o bo funcionamento da actividade escolar. As portas do Colexio están abertas dez minutos antes das clases, polo que todos debemos estar nos nosos respectivos postos, ao soar o timbre indicador de que comeza cada sesión.

y Se durante as clases tivéssemos a necesidade de trasladármonos a outra estancia, farémolo sempre sen molestar aos compañeiros que están traballando, evitaremos ruídos e falaremos en voz moi queda.

y Os alumnos permanecerán no Centro durante as horas de clase e recreo. Se por algunha causa tivesen que ausentarse, deberán presentar autorización expresa dos pais ou titores e só poderán saír do Centro acompañados dun adulto.

y Os dereitos dos alumnos á escolaridade e avaliación correspondente esixe dos mesmos a asistencia puntual a todas as clases. En caso de enfermidade ou outros motivos que xustifiquen a ausencia deberá ser notificada ao titor. Información que se fará por escrito.

y Só en caso de necesidade urxente, pasaranse avisos aos alumnos e mestres durante a estancia no Centro.

y As visitas a mestres ou titores realizaranse en hora concertada e fóra da clase, das horas de permanencia e programación dos mesmos.

y Os pais ou outras persoas evitarán visitar clases ou corredores durante o horario escolar, así coma patios, unha vez que os alumnos se dispoñen a estar en clase.

y Nas aulas preténdese o maior rendemento de cada alumno, polo que todos colaboraremos en favorecer a atención, participación e enriquecemento de cada un, sendo considerada falta sería a interrupción do funcionamento normal da clase, e todo o que poida prexudicar o rendemento escolar do grupo.





y Os bos modais, vocabulario axeitado e as actitudes de compañeirismo deben ser o testemuño dunha boa formación persoal, por iso debemos coidar moito a boa linguaxe e evitar sempre expresións de mal gusto, palabras groseiras, berros, xogos e obxectos perigosos ou violentos.

y Debemos tratar con respecto aos demais compañeiros e acatar as orientacións de mestres e, en xeral, de todo o Persoal de Administración e Servizos.


y Por respecto ás persoas coas que convivimos renunciamos ao chicle, pipas, etc. dentro do recinto do Colexio, coidando a orde e a limpeza nas aulas e demais dependencias.

y Poremos o máximo coidado para conservar o mobiliario e instalacións en boas condicións, en caso dun uso incorrecto os alumnos estarán obrigados a repoñer dito material.

y Debemos acudir a clase debidamente aseados e coa vestimenta axeitada que esixe o decoro de cada situación (por exemplo: non pantalóns deportivos, bañadores, camisetas tiras, chancletas, etc., non se poden utilizar gorras, viseiras, etc., dentro do edificio)

y Está prohibida a presenza e o uso de teléfonos móbiles, cámaras e aparellos similares (Smartwatch, Mp4,...) en todo o recinto do Colexio, incluído o patio. (Orde de 4 de xaneiro de 2024 da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades sobre o uso dos teléfonos móbiles e dispositivos electrónicos nos centros educativos)

y Lembramos que a Lei prohíbe de forma expresa o uso, manipulación e difusión de imaxes obtidas sen consentimento en Internet.





Orientacións xerais sobre o incumprimento das normas

- I. Os incumprimentos das normas de convivencia han de ser valorados considerando as situacións persoais do alumno
- II. As condutas irregulares dos alumnos poderán ser corrixidas polos mestres mediante métodos oportunos
- III. Os alumnos que causen danos ás instalacións ou material do Centro, estarán obrigados a reparar ditos danos
- IV. A repetida infracción das normas será motivo de sanción, a pesar de ser algo que desexamos evitar por todos os medios

Coidamos que observando esta sinxela normativa seranos máis doado:

- 9 Conseguir unha agradable convivencia
- 9 Realizar un traballo serio
- 9 Acadar os nosos obxectivos
- 9 Crear un ambiente de RESPECTO, TOLERANCIA e AMOR

**Asumimos a cultura do diálogo como camiño,
a colaboración común como conduta,
o coñecemento recíproco
como método e criterio.**

(Fratelli Tutti)





Finalidade educativa

O noso fundador, Jerónimo Usera, dedicou o seu tempo en proclamar a VERDADE e facer o BEN. Os mestres, dende o noso papel educativo pastoral subliñamos eses valores co fin de formar integralmente á persoa. Queremos facer da escola un lugar de humanización onde a persoa:

- y Aprenda a camiñar dende o diálogo e a tolerancia, respectando as diferenzas
- y Aprenda que a humildade, a esixencia e o esforzo forman parte da nosa dignidade humana
- y Aprenda a avanzar dende o positivo favorecendo a creación dun mundo máis xusto
- y Aprenda a afrontar as dificultades e adoite un compromiso coa humanidade
- y Aprenda a vivir nun mundo con diferentes culturas, razas, relixións e costumes

“O Amor de Dios fai sabios e santos”
(Venerable Pai Usera)





Actividades complementarias

○ Colexio ofrece unha serie de actividades complementarias que se identifican co noso ser, saber e saber facer de educadores e que proxectan o noso desexo de contribuír a unha plena formación da persoa nos campos social, cultural e relixioso.

Estas actividades van encamiñadas á consecución dos seguintes obxectivos:

- y Orientar os alumnos para o mellor aproveitamento das súas capacidades
- y Tomar conciencia e sensibilizarse cos problemas dos demais
- y Desenvolver hábitos de participación na resolución de dificultades de tipo social e humano
- y Promover o traballo colaborativo
- y Tomar contacto coa natureza e desenvolver actitudes de respecto cara á ela
- y Fomentar experiencias de complementariedade, creación e investigación en equipo

◆ Orientación psicolóxica

◆ Técnicas de estudo

◆ Día da Lectura

◆ Xornadas científicas

◆ Rastrexo Amor de Dios

◆ Día do Avó

◆ **Saídas culturais:** Paseo literario por Rianxo e A Pobra do Caramiñal, Actividade de benvida Bacharelato, A Ribeira Sacra, Coñecemos Pontevedra, No Festival de Cans, Percorridos culturais fóra da Comunidade, Visitamos Santiago, De ciencias pola Coruña, Obradoiros no Museo do Mar, Magostos, Analizando a nosa historia en Donón, Percorrido polo Parque de Castrelos, Exploradores en Campo Lameiro, Cos animais nas Granxas, Entre prantas en Casaplanta

◆ Ecoloxía

◆ Seminarios

◆ Convivencias

◆ Festas Colexiais

◆ Campañas

Día Internacional contra a violencia de xénero
DOMUND

Día dos Dereitos Humanos

Campaña do Nadal

Día da Paz

Día do Xaxún Voluntario

Campaña anual da Congregación: El Palmar (República Dominicana)

Semana da Prensa

Semana das Letras Galegas

◆ Celebracións

Nena María (21 Novembro 2024)

Nadal

Jerónimo Usera (27 Abril 2025)

Mes de María (Maio 2025)

Despedida dos alumnos de 2º Bacharelato



Datas a ter en conta

OUTUBRO	Día 31: Día do Ensino
NOVEMBRO	Día 1: Día de Todos os Santos Día 21: Celebración da Festa da Nena María (festa colexial)
DECEMBRO	Día 5: Día non lectivo elixido polo Centro Día 6: Día da Constitución Día 23: Comezan as vacacións de Nadal
XANEIRO	Día 8: Reanúdanse as aulas ás 8.30 da mañá
MARZO	Día 3: Luns de Entroido Día 4: Martes de Entroido Día 5: Mércores de Cinza Día 28: Día da Reconquista (festivo local)
ABRIL	Día 14: Comezan as vacacións de Semana Santa Día 22: Reanúdanse as aulas ás 8.30 da mañá Día 27: Conmemórase Jerónimo Usera, fundador da Congregación das Irmás do “Amor de Dios”
MAIO	Día 1: Día do Traballo



Avaliacións

EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA	Avaliación continua con informes trimestrais
1º,2º ESO	Preavaliación: 6 novembro 2024 1ª Avaliación: 18 decembro 2024 2ª Avaliación: 19 marzo 2025 3ª Avaliación: 11 xuño 2025
3º,4º ESO	1ª Avaliación: 12 decembro 2024 2ª Avaliación: 12 marzo 2025 3ª Avaliación: 23 xuño 2025
1º BACHARELATO	1ª Avaliación: 3 decembro 2024 2ª Avaliación: 11 marzo 2025 3ª Avaliación: 27 maio 2025
2ª BACHARELATO	1ª Avaliación: 3 decembro 2024 2ª Avaliación: 11 marzo 2025 3ª Avaliación: 14 maio 2025

Os boletíns de notas publicaranse en Avalar 24 horas despois das xuntas de avaliación.



Horas de visita

EDUCACIÓN INFANTIL

3 años A	María Rodríguez	Mércores	17.35
3 años B	M ^a Jesús Vizoso	Martes	17.35
4 años A	Irene Paz	Luns	17.35
5 años A	Olalla Pérez	Luns	17.35
5 años B	Eva Paz	Luns	17.35

EDUCACIÓN PRIMARIA

1º A	Olga Surís	Mércores	17.35
1º B	Isabel Porto	Mércores	17.35
2º A	Laura Hernández	Martes	17.35
2º B	Luisa López	Mércores	17.35
2º C	Lucía Mojón	Martes	16.00
3º A	Elisabeth Terzado	Martes	17.35
3º B	Rosa Aguiar	Luns	17.45
4º A	Carla Sánchez	Luns	17.45
4º B	Seila Nieto	Luns	17.45
5º A	Ana Rial	Luns	17.45
5º B	Iago Parga	Martes	17.35
5º C	María Prado	Mércores	17.45
6º A	María Gómez	Luns	15.45-16.40
6º B	Iago Miralles	Mércores	17.35-18.30
6º C	Carlos Riveiro	Luns	17.35-18.30





Horas de visita

EDUCACIÓN SECUNDARIA

1º A	Daniel Nicolás	Luns	18.00-19.00
1º B	Mª Xosé Rodríguez	Luns	16.10-17.05
1º C	Ana González	Venres	10.20-11.15
2º A	Mª José Bravo	Mércores	11.45-12.40
2º B	Mª Jesús Salgado	Martes	8.30-9.25
2º C	Fátima Ubeira	Mércores	16.10-17.05
3º A	Raquel Bugallo	Xoves	9.25-10.20
3º B	Alicia Berlier	Venres	10.20-11.15
3º C	Beatriz González	Mércores	9.25-10.20
4º A	Javier López	Luns	18.00-19.00
4º B	Beatriz Uruburu	Martes	17.05-18.00
4º C	María Navarro	Luns	10.20-11.15

BACHARELATO

1º A	Cristina Zabal	Luns	17.10-18.00
1º B	Begoña Ferreiro	Xoves	12.40-13.30
2º A	María Martínez	Luns	16.10-17.05
2º B	Olga Seijo	Xoves	11.45-12.40

DIRECTOR DO CENTRO

Francisco Javier Serodio Cerviño

Venres 9.30 - 11.30

DIRECTORA PEDAGÓXICA

Beatriz Uruburo Somoza (E. Secundaria e Bacharelato)

Martes 11.45 – 13.30

XEFE DE ESTUDOS

Iago Parga Riveiro

Martes 11.30-13.30

COORDINADORAS:

Irene Paz Losada

(Educación Infantil)

María Prado Rial

(Educación Primaria)

Cristina Alonso Monroy

(Educación Secundaria I)





Horas de visita

ORIENTACIÓN

José Antonio Muñiz Torrado (Orientador pedagóxico)
Lorena Márquez Montero (Audición e Linguaxe)
Cristina Alonso Monroy (Pedagoxía Terapéutica)

. Horario de Administración -**José Manuel Vázquez** -: Todos os días de 11.30 a 13.30 horas.

. Horario de Secretaría: Todos os días de 11 a 13.30 horas

. **Por razóns de organización interna é imprescindible concertar cita previa para falar cos Directores ou cos profesores e mestres.**

. Os alumnos de 6º de PRIMARIA, dispoñen das tardes dos mércores e venres libre e 1º, 2º, 3º, 4º de SECUNDARIA, 1º e 2º de BACHARELATO terán clase só luns pola tarde.



Cóidome,
coidámonos,
e cuidamos
a casa común.



Amor de Dios
Fundación Educativa